



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de xuño de 2022 (1230/1102)

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
D^a Elena Espinosa Mangana
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
D^a Yolanda Aguiar Castro
D^a Patricia Rodríguez Calviño

NON ASISTEN:

D^a M^a Carmen Silva Rego
D^a M^a José Caride Estévez
D. Carlos López Font

Na Casa do Concello de Vigo, ás trece horas e trinta minutos do día nove de xuño de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Está tamén presente por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(457).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

Antes do tratamento dos asuntos para a súa aprobación, pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

2(458).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CÁTERING DE “JOAN MANUEL SERRAT” DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9231/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 09/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 15 de Maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de JOAN MANUEL SERRAT** o día 10 de Xullo no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 13/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 15 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 19 de maio de 2022
- Documento económico, de data 20 de maio de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 21 de maio de 2022
- Memoria xustificativa, de data 31 de maio de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).



Concello de Vigo

- Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
- Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do xervizo de contratación do 31 de maio de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 31 de maio de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de JOAN MANUEL SERRAT** o día **10 de Xullo de 2022** no auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 21 de maio de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 31 de maio de 2022 redactado pola Técnica de administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **122.210,00 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **101.000,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

3(459).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ACTUACIÓN ARTÍSTICA, RIDER E CATERING DE SEBASTIÁN YATRA DENTRO DO “PROGRAMA DE ESPECTÁCULOS DE VERÁN DE VIGO EN FESTAS 2022”. EXPTE. 9232/335.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 09/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 01/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Festas, o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

1.- ANTECEDENTES

Con data 18 de maio de 2022 o Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, ditou orden de inicio de expediente (artigo 116 LCSP) para a contratación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de SEBASTIÁN YATRA** o día 13 de Xullo de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”. No expediente consta:

- A xustificación da necesidade e idoneidade do contrato á que se refire o artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP) asinada pola Xefa de Servizo de Festas con data do 16/05/2022 e a resolución do concelleiro delegado que inicia o expediente (artigo 116 LCSP), de data 18 de maio 2022.
- Memoria económica, de data 30 de maio de 2022
- Documento económico, de data 1 de xuño de 2022
- Prego de prescricións técnicas particulares (artigo 116.3 LCSP), de data 1 de xuño de 2022
- Memoria xustificativa, de data 1 de xuño de 2022, relativa aos seguintes extremos:
 - A xustificación do procedemento elixido (artigo 116.4 LCSP)
 - Xustificación da insuficiencia de medios (artigo 116 LCSP).
 - Xustificación da non división do contrato en lotes (artigo 99.3 da LCSP).
 - Xustificación do prazo de duración do contrato e de execución da prestación (artigo 29 LCSP).
 - Xustificación do prezo do contrato, do orzamento base de licitación e do valor estimado do contrato (e o seu método de cálculo) aos que fai referencia o artigo 102 LCSP.
 - Xustificación de que o contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).
 - Xustificación da solvencia que se esixirá aos licitadores entre os medios previstos nos artigos 87 a 91 LCSP.
 - Xustificación da elección dos criterios de adxudicación e da súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP).
 - Xustificación da non necesidade de fixar un prazo de garantía (artigo 67.2.t RLCAP).
 - Establécense como tarefas críticas a actuación musical que non poderá ser obxecto de subcontratación por tratarse de prestacións personalísimas. (artigo 215 LCSP).
 - Forma de aboamento do prezo (artigo 67.2ñ do RLCAP).
 - Lugar de entrega do servizo obxecto do contrato (artigo 67,5.f e 67.7.e RLCAP).
- Informe do servizo de contratación do 1 de xuño de 2022
- Prego de cláusulas administrativas do 1 de xuño de 2022

Por todo o exposto, e previo informes xurídico favorable e de fiscalización da Intervención Xeral de conformidade co previsto no artigo 116.3 da LCP, e o documento contable, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **acordo**:

Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento **negociado sen publicidade** e tramitación **ordinaria** do contrato da prestación do servizo da **actuación artística, rider e cátering de SEBASTIÁN YATRA** o día 13 de xuño de 2022 no Auditorio de Castrelos e dentro do programa “Vigo en Festas 2022”.



Concello de Vigo

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 1 de xuño de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 1 de xuño de 2022 redactado pola Xefa do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación **206.480,45 euros**, sendo o valor estimado do contrato de **170.645,00 euros** con cargo a aplicación orzamentaria á aplicación 3380.226.0906 (Festas de Vigo) do programa orzamentario do Servizo de Festas para o vixente exercicio económico

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(460).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN PROCEDUREMTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS” (LOTES 2 E 4). EXPTE. 9176/335.

Visto o informe de fiscalización do 09/06/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 8/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

“Primeiro: Aprobar o expediente de contratación polo procedemento aberto e tramitación ordinaria do contrato da prestación do servizo de xestión de diversos traballos técnicos, equipamentos e infraestruturas básicas necesarias para a produción técnica soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas”

Segundo: Aprobar o Prego de Prescricións Técnicas de 18 de abril de 2022 e o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares do 19 de abril de 2022 redactado pola Técnica de Administración Xeral do Servizo de Contratación.

Terceiro: Autorizar o gasto polo importe base de licitación 867.122,86 euros, sendo o valor estimado do contrato de 1.450.361,51 euros con cargo a aplicación orzamentaria 3380.226.0906 “FESTAS DE VIGO” do programa orzamentario de Festas para o exercicio 2022.

O orzamento desglosado para cada LOTE:

- Lote 1: 202.655,56 €, sendo o importe correspondente ao ive de 35.171,63 €*
- Lote 2: 143.503,81 € , sendo o importe correspondente ao ive de 24.905,62 €*
- Lote 3: 438.003,83 €, sendo o importe correspondente ao ive de 76.017,19 €*
- Lote 4: 49.266 €, sendo o importe correspondente ao ive de 0 €*
- Lote 5: 33.693,66 €, sendo o importe correspondente ao ive de 5.847,66 €*

A distribución por anualidades (con IVE) é a seguinte:

- 784693,67 € (90,49% para o ano 2022)*
- 82429,19 € (9,51% para o ano 2023)*

A distribución por anualidades (con IVE) de cada LOTE é a seguinte:

LOTE 1

- 168204,11 € (83% de 202655,56 €) para o ano 2022 (20 eventos Tipoloxía I e 4 eventos Tipoloxía II)*
- 34451,45 € (17% de 202655,56 €) para o ano 2023 (6 eventos Tipoloxía I)*

LOTE 2

- 100452,67 € (70% de 143503,81 €) para o ano 2022 (1 Tipoloxía I e 2 Tipoloxía II)*
- 43051,143 € (30% de 143503,81 €) para o ano 2023 (2 Tipoloxía II)*

LOTE 3

- 438003,83 € (100%) para o ano 2022*

LOTE 4

- 44339,40 € (90% de 49266,00) para o ano 2022 (25 eventos)*
- 4926,60 € (10% de 49266,00) para o ano 2023 (2 eventos)*

LOTE 5

- 33693,66 € (100% de 33693,66 €) para o ano 2022*

Cuarto: Abrir o procedemento de licitación para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente”.



Concello de Vigo

Segundo.- A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de xuño de 2022 adoptou a seguinte resolución:

“Primeiro.- Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:

- Sesión do 25 de maio de 2022:

- Non admisión de GESTIÓN Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. (lote 5) por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).*

- Sesión do 2 de xuño de 2022:

- Exclusión de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. dos lotes 2 e 3 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
- Exclusión de INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1 e 3) e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) por exceder as súas ofertas dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas”).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) (lotes 1, 2, 3, 4 e 5) na seguinte orde descendente:

- Lote 2: Produción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións*

	Licitador	Puntuación total
1	INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L.	88,00 puntos

- Lote 4: Servizo de ambulancias*

	Licitador	Puntuación total
1	AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L.	100,00 puntos
2	COLECTIVO EXTREMEÑO DE AMBULANCIAS, S.L.	70,25 puntos

- Lote 5: Organización do sistema de entradas*

	Licitador	Puntuación total
1	PREMIUMGUEST, S.L.	100,00 puntos
2	TEUTICKET 2021, S.L	66,80 puntos

Terceiro.- Requirir aos licitadores clasificados en primeiro lugar en cada un dos lotes, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) (B-81.034.522), AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4) (B-36.794.113) e PREMIUMGUEST, S.L. (lote 5) (B-67.131.839), para que presenten, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciban o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.*

Terceiro.- Esta resolución foi notificada aos licitadores clasificados en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4), o día 3 de xuño de 2022, que presentan a documentación requirida o 7 e 8 de xuño de 2022, dentro do prazo concedido.

Cuarto.- A Mesa de Contratación na sesión do 8 de xuño de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polos licitadores clasificados en primeiro lugar, INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade coo disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.



Concello de Vigo

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lote 2) e AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (lote 4), de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliábeis mediante xuízo de valor e das proposicións avaliábeis mediante fórmula, de datas 28 de maio e 2 de xuño de 2022, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

1. *“Tomar razón dos seguintes acordos adoptados pola Mesa de Contratación:*
 - *Sesión do 25 de maio de 2022:*
 - *Non admisión de GESTIÓN Y SERVICIOS PARA ESPECTÁCULOS Y EVENTOS, S.L. (lote 5) por ter presentado a proposición non encriptada e coñecerse o seu contido antes do acto de apertura (artigo 139 da LCSP e cláusula 13.4i.1 do PCAP).*
 - *Sesión do 2 de xuño de 2022:*
 - *Exclusión de SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. dos lotes 2 e 3 por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7A do Anexo I -FEC- do PCAP.*
 - *Exclusión de INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (lotes 1 e 3) e SOLIMUSIC EVENTS, S.L.U. (lote 1) por exceder as súas ofertas dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B “As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas”).*
 - *Sesión do 8 de xuño de 2022:*
 - *Exclusión do lote 5 dos dous licitadores presentados, PREMIUMGUEST, S.L. e TEUTICKET 2021, S.L. por exceder as súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.*
2. *Adxudicar a INDUSTRIAS ORQUESTALES, S.L. (B-81.034.522) o lote 2 “Producción técnica de soporte de grandes espectáculos en diferentes localizacións” do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) coas seguintes condicións:*
 - a) *O prezo máximo do lote é de 143.503,81 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 24.905,62 euros, cos prezos unitarios (C/IVE) recollidos na oferta e que se indican deseguido:*

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.2.1.1	Escenario con cuberta	...9.136,07.. €/ud
6.2.1.2	Cerramentos	...198,71.... €/ud
6.2.1.3	Carpa tipo "xaima" 5x5	...364,29.... €/ud
6.2.1.4	Set de mobiliario para backstage	...183.... €/ud
6.2.1.5	Carpa extensible de 3x3	...103,67.... €/ud
6.2.1.6	Cabinas sanitarias m3viles non conectadas a rede	...172,21.... €/ud
6.2.1.7	Acometidas el3ctricas	...533,48.... €/ud
6.2.1.8	Equipo de son e iluminaci3n	...1.425,50.... €/ud
6.2.1.9	Luz de traballo	...34,56.... €/ud
6.2.1.10	Tarimas	...62,20.... €/ud
6.2.1.11	Cadeiras	...1,19.... €/ud
6.2.1.12	Extintores	...3,67.... €/ud
6.2.1.13	Sinal3ctica	...77,75.... €/ud
6.2.1.14	Botiqu3n	...11,52.... €/ud
6.2.1.15	Torres de P.A. e muros laterais	...3.282,97.... €/ud
6.2.1.16	Camion Escenario	...2252.... €/ud
6.2.1.17	Pantalla de publicidade	...698,35.... €/ud
6.2.1.18	Certificaci3ns instalaci3ns infraestructuras e el3ctricas	...794,82.... €/ud
6.2.2.1	Coordinador de Producci3n404,20.. €/xornada completa
6.2.2.2	Responsable de backstage29,51.. €/h
6.2.2.3	Oficial electricista27,27.. €/h
6.2.2.4	Vixiante nocturno uniformado26,22.. €/h
6.2.2.5	Mantemento e limpeza15,44.. €/h
6.2.2.6	Auxiliares Organizaci3n - Backstage22,08.. €/h
6.2.2.7	Auxiliares de organizaci3n / Montaxe22,08.. €/h
6.2.2.8	Auxiliar de catering22,08.. €/h
6.2.2.9	Plant3n di3rno22,46.. €/h



Concello de Vigo

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.2.2.10	Persoal de carga e descarga e montaxe de infraestruturas22,92.. €/h
6.2.2.11	Técnico de son operador FOH	..357,66..... €/xornada completa
6.2.2.12	Técnico Iluminación operador/montador FOH	..357,66..... €/xornada completa
6.2.2.13	Técnicos auxiliares Equipos sonido e iluminación	..291,43..... €/xornada completa
6.2.3.1	Subministro Catering Artistas, técnicos, persoal de produción e protección civil	...403,17.... €/ud
6.2.3.2	Servizo de limpeza de instalacións	...39,74.... €/ud

3. Adxudicar a *AMBULANCIAS RÍAS BAIXAS, S.L. (B-36.794.113)* o lote 4 "Servizo de ambulancias" do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa "Vigo en Festas" (9.176-335) coas seguintes condicións:

a) O prezo máximo do lote é de 49.266,00 euros (exento de IVE), cos seguintes prezos unitarios (IVE incluído):

Referencia	Concepto	Prezo unitario
6.4.1.1	Ambulancia Tipo C, SVA	1.100 €
6.4.1.2	Ambulancia Tipo B, SVB	700 €

b) Mellora o equipamento humano da ambulancia esixida para espectáculos a partir de 2.000 espectadores comprometéndose a achegar 1 médico/a en posesión do título universitario de Licenciado en Medicina ou título de Grao que habilite para o exercicio da profesión regulada de médico, ou título equivalente homologado ou recoñecido durante a celebración dos espectáculos.

c) Mellora o tipo da segunda ambulancia esixida para espectáculos de aforo superior ás 10.000 persoas, con respecto ao esixido na cláusula 6.4 do PPT mediante a substitución da ambulancia tipo B, SVB (soporte vital básico), por 1 ambulancia tipo C, SVA (soporte vital avanzado).

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(461).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O LOTE 5 DO PROCEDIMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE PRODUCCIÓN TÉCNICA DE SOPORTE DOS ESPECTÁCULOS E ACTIVIDADES DO PROGRAMA “VIGO EN FESTAS”. EXPTE. 9176/335.

Dáse conta da proposta da Mesa de Contratación de data 8/06/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación (DECLARACIÓN DESERTO LOTE 5)

b) Procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) (lote 5)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) (lote 5)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 21 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335).

Segundo.- A Mesa de Contratación, na sesión que tivo lugar o 8 de xuño de 2022, acordou excluír do lote 5 deste procedemento aos dous licitadores presentados, PREMIUMGUEST, S.L. e TEUTICKET 2021, S.L, por exceder as súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.



Concello de Vigo

Dado que os dous licitadores admitidos no lote 5 foron excluídos do procedemento por exceder dos prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B (*“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas”*)), procede declarar deserto este lote.

Á vista do exposto, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar deserto o lotes 5 “Organización do sistema de entrada” do procedemento aberto para a contratación do servizo de produción técnica de soporte dos espectáculos e actividades do programa “Vigo en Festas” (9.176-335) porque os dous licitadores admitidos excederon nas súas ofertas os prezos unitarios recollidos no apartado 3G do Anexo I -FEC- do PCAP (motivo de exclusión recollido no apartado 7B (“As proposicións dos licitadores deberán ser, en todo caso, iguais ou inferiores aos prezos unitarios recollidos no apartado 3G desta FEC. En caso contrario, serán excluídas”*)).*

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(462).- PROPOSTA PARA DECLARAR DESERTO O PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES DE VERÁN 2022. EXPTE. 9486/336.

Dáse conta do informe-proposta de data 08/06/2022, asinado pola xefa do Servizo de Contratación e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (PCAP)

ANTECEDENTES

Primeiro.- Con data do 19 de maio de 2022 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336), autorizar o gasto e abrir o procedemento de licitación.

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no perfil de contratante o 20 do mesmo mes, rematando o prazo de presentación de ofertas o 6 de xuño de 2022.

Terceiro.- Segundo consta na Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral deste Concello de data 8 de xuño de 2022, non se presentou ningunha proposición.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Aberta a licitación do procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 do Concello do Vigo non se presentou ningunha proposición, tal e como consta no listado de licitadores da Plataforma de Contratos do Sector Público e no certificado expedido polo Rexistro Xeral de data 8 de xuño de 2022, polo que compre declarar deserta esta licitación.

Segundo.- A declaración de deserto deberá publicarse no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público, tal e como dispón o artigo 63.3 da LCSP.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En mérito ó que antecede, se propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte **acordo**:

“1º.-Declarar deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Publicar o presente acordo no perfil de contratante do Concello de Vigo, aloxado na Plataforma de Contratos do Sector Público”.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

7(463).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO PROXECTO DE ORGANIZACIÓN E PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES DE VERÁN 2022. EXPTE. 9498/336.

Visto o informe xurídico e o informe de fiscalización do 09/06/2022, dáse conta do informe-proposta da mesma data, asinado pola xefa do Servizo de Xuventude, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 8 de xuño de 2022 o servizo de Contratación propón á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación, *declarar deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.*

Unha vez coñecida esta situación dende a Concelleira de Xuventude iníciase un expediente 9489-336 de tramitación urxente dun procedemento aberto de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo do presente ano, xustificándose a necesidade e idoneidade.

Incorpóranse ao citado expediente a memoria xustificativa así como o pregode condicións técnicas e memoria económica.

Constitúe obxecto deste contrato a programación e execución de 622 prazas de actividades de educación non formal, de carácter cultural, deportivas, de tempo libre, ambientais, e outras que poidan estar vinculadas á temática de actividades vacacionais para os meses de xuño e xullo do presente ano.

O procedemento a empregar na contratación do servizo será o aberto con criterios avaliáveis a través de fórmula e a tramitación urxente con división en lotes.

Para a execución deste contrato establececese os seguintes LOTES:

LOTE 1: CAMPAMENTO URBANO I.- 11-22 de xullo (250 participantes)

LOTE 2: VERÁN EN COIA.- 27/06- 08/07 , 11-22/07, 26/07 – 05/08. 3 quendas de 50, 50 e 23 prazas respectivamente (123 participantes).

LOTE 3: VERÁN NO BERBÉS.- 27/06- 08/07 , 11-22/07, 26/07 – 05/08. 3 quendas 48, 43 e 18 participantes respectivamente (109 participantes).

LOTE 4: LUDOTECA EN VIGOZOO.- 27/06-01/07, 04/07-08/07, 11/07-15/07, 18/07-22/07. 4 quendas de 35 participantes (140 prazas).

-ORZAMENTO BASE LICITACIÓN: 73.939,76 euros €

-VALOR ESTIMADO DO CONTRATO: 67.217,96 euros

-ANUALIDADE CON IVE ANO 2022: : 73.939,76 euros

-IMPORTE DO IVE : 6.721,80 euros

-PARTIDA PRESUPOSTARIA: “3370.227.9912 “Campamentos de Verán” LOTES 1,2,3,4, LOTES 1,2,3,4 por importe de 73.939,76 € dos cales 66.983,01€ serán con cargo a REM 2021 e 6.956,75 € con cargo ao orzamento 2022

O expediente será preceptivo que sexa informado favorablemente polo Servizo de Asesoría Xurídica do Concello.

Por todo elo , propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

1º.-Autorizar a tramitación URXENTE do expediente de contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo, unha vez aprobada a Declaración de deserto o procedemento aberto dos servizos de programación e execución das actividades de verán 2022 (expediente 9486-336) por non terse presentado ningunha proposición.

2º.- Autorizar o gasto de 73.939,76 euros , correspondente ao valor total do contrato de Servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo de 2022 , e para todo o período do contrato, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 da LCSP, así como os custes laborais, para a contratación da xestión do proxecto de organización e prestación de servizos para un total de 622 prazas de actividades de verán 2022.

O orzamento para o ano 2022 será de 73.939,76 euros , que se imputará á partida orzamentaria 3370.227.9912 "Campamentos de Verán" LOTES 1,2,3,4, por importe de 73.939,76 euros dos cales 66.983,01€ serán con cargo a REM 2021 e 6.956,75 € con cargo ao orzamento 2022 coa seguinte distribución orzamentaria nos seguintes LOTES:

LOTES	PREZO SEN IVE	IVE	PREZO CON IVE
LOTE 1	24.885,69 €	10% IVE	27.341,26 €
LOTE 2	14.571,00 €	10% IVE	16.028,10 €
LOTE 3	16.674,00 €	10% IVE	18.341,40 €
LOTE 4	11.117,27 €	10% IVE	12.229,00 €

IMPORTE TOTAL 4 LOTES=67.217,96 euros, + 6.721,80 IVE =73.939,76 euros

3º.- Aprobar o expediente de contratación que contén o prego de cláusulas administrativas particulares asinado en data 9 de xuño para a contratación de servizos para a organización e prestación de actividades de verán nos meses de xuño e xullo para un total de 622 prazas , así como o prego de prescricións técnicas para a prestación do servizo de data 9 de xuño.

4º.- Acordar a apertura do procedemento urxente de licitación para a selección de contratista/s na forma prevista na lexislación vixente.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás quince horas e trinta e cinco minutos. Como secretaria dou fe.



Concello de Vigo

SGF/me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez